



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Aprobación definitiva do Proxecto de Bases e Estatutos do polígono 1 da UA 5

Expte.- 2019/U041/000001 (30/17.BE)

Ref. LACC/plb

ANUNCIO de aprobación definitiva do Proxecto de Bases e Estatutos do Polígono 1 da UA 5.

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada por medios telemáticos o xoves 10 de febreiro de 2022, aprobouse definitivamente o Proxecto de Bases e Estatutos do Polígono 1 da UA 5.

Figuran no Certificado de XGL os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Estimar a alegación relativa á determinación do polígono 1 das dúas fases que comprende a UA-5, e desestimar o resto da alegacións efectuadas por don Rolando Cernadas Pérez en tanto que quedan xustificadas as diferenzas de aproveitamento alegadas e en relación as cuestións expostas en terceiro lugar cabe sinalar que son alleas aos intereses e dereitos dos propietarios do POLIGONO 2.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente os estatutos e as bases do Proxecto de Bases e Estatutos do Polígono 1 da UA-5 que tivo entrada no rexistro municipal o 26/11/21 (7124), coas modificacións resultantes dos apartados anteriores

TERCEIRO. Designar como representante do Concello no órgano reitor da Xunta de Compensación a:

| Nome e Apelidos | NIF |
|--|-------------|
| Luis Alberto Castro Calvete (Concelleiro en materia de Urbanismo e Patrimonio) | ** *79.0*** |

CUARTO. Publicar integramente no Boletín oficial da provincia da Coruña, o presente Acordo de aprobación definitiva. Así mesmo, notificarase individualizadamente aos propietarios afectados polo sistema de actuación e a quen comparecera no expediente.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<https://sede.arteiro.org/opencms/es/informacion>)

QUINTO. Requirit aos interesados para que constitúan a Xunta de Compensación, en prazo máximo de tres meses, mediante escritura pública ou documento protocolizado notarialmente onde se designará o cargo do órgano reitor, que necesariamente recaerá en persoa física, advertíndolles de que, transcorrido o prazo citado, entenderase que os propietarios que non manifesten a súa vontade expresa de incorporarse á Xunta de Compensación renuncian a adherirse á mesma, cos mesmos efectos e consecuencias da renuncia expresa.

SEXTO. Solicitar do Rexistro da Propiedade a práctica dos asentos que correspondan e o depósito dos Estatutos e Bases aprobados.

Asinado en Arteixo, a 16/02/2022.

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo e Patrimonio

Decreto 1513/2021 de 07/06/2021